



Tecnoloxía, infancia e mocidade: ferramentas para familias

 07.10.2026  17:00 – 19:00 H  PRESENCIAL E STREAMING

Cal é o programa?

- › **Riscos e retos do uso da tecnoloxía:** ciberacoso, grooming, sextorsión e outros riscos.
- › **Educación dixital:** límites, horarios, desconexión, comunicación e acompañamento familiar.
- › **Videoxogos e consumo dixital:** tempo de xogo, micropagos e loot boxes.
- › **Control parental:** ferramentas e aplicacións adaptadas a cada idade.
- › **Bloque práctico:** configuración de dispositivos, Wi-Fi, consolas e plataformas dixitais.
- › **Marco legal básico:** redes sociais, privacidade, RGPD e dereito á propia imaxe.
- › **Boas prácticas e recomendacións:** pautas para un uso seguro e responsable.
- › **Por franxas de idade (0-6, 7-12, 13-15 e 16-18):** ferramentas, configuración e pautas específicas.

Por que?

A sesión pretende achegar ferramentas e recursos prácticos para comprender mellor o uso das TIC e favorecer un uso máis consciente, seguro e responsable da tecnoloxía. Busca facilitar estratexias para o acompañamento e orientación no ámbito dixital, especialmente no caso da infancia e a mocidade.

Cando e onde?

07 de outubro de 2026
De 17:00 a 19:00 H

- › **Presencial (GaiásTech) e Streaming**

Para quen?

- › Dirixida á cidadanía en xeral, especialmente familias, profesorado, profesionais que traballan con infancia e mocidade, e calquera colectivo interesado na educación e o acompañamento dixital.

Quen organiza?

Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG)

Quen imparte?

Felipe Martínez Hermo. Licenciado en Informática pola UDC. Conta con máis de 25 anos de experiencia como administrador de sistemas e desde 2012 colabora na execución de programas divulgativos en centros educativos, concienciando tanto ao alumnado como ás familias sobre o uso responsable da tecnoloxía.

Inscríbete!